

Consello de Contas  
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN SELECTIVA DO  
CONCELLO DO PORRIÑO**

**EXERCICIOS 2017-2018**





## ÍNDICE

<b>I. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>1</b>
I.1. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN .....	1
I.2. OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN.....	2
I.3. NORMATIVA REGULADORA .....	2
<b>II. CONCLUSIÓNS. ....</b>	<b>4</b>
II.1. RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO.....	4
II.2. RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS .....	4
II.3. CONCLUSIÓNS SOBRE CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE .....	4
II.3.1 Fundamento da opinión do cumprimento.....	4
II.3.2 Opinión sobre o cumprimento da legalidade .....	5
II.3.3 Conclusións sobre os resultados da fiscalización.....	5
<b>III. RECOMENDACIÓNS .....</b>	<b>8</b>
<b>IV. RESULTADOS DERIVADOS DO TRABALLO DE FISCALIZACIÓN .....</b>	<b>10</b>
IV.1 CONSIDERACIÓNS XERAIS .....	10
IV.1.1 Acordos contrarios a reparos .....	11
IV.1.2 O recoñecemento extraxudicial de crédito como procedemento de recoñecemento de débeda para evitar o enriquecemento inxusto da administración .....	12
IV.2 NATUREZA DO ENTE FISCALIZADO.....	14
IV.2.1 Situación económico financeira.....	14
IV.2.2 Modalidade e contido do control interno da entidade .....	21
IV.2.3 Cumprimento da normativa sobre transparencia .....	24
IV.3. ANÁLISE DO SISTEMA DE TRAMITACIÓN DE FACTURAS.....	27
IV.3.1 Procedemento de tramitación de facturas .....	27
IV.3.2 Comprobacións realizadas sobre o procedemento de tramitación de facturas .....	28
IV.4. ANÁLISE DOS ACORDOS CONTRARIOS A REPAROS, EXPEDIENTES CON OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN E ANOMALÍAS DE INGRESOS .....	32
IV.4.1 Acordos e resolucións contrarios a reparos formalizados polo órgano interventor de importe superior a 50.000 euros.....	33
IV.4.2 Expedientes con omisión de fiscalización previa .....	36
<b>TRÁMITE DE ALEGACIÓNS.....</b>	<b>37</b>



## ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Liquidación orzamento de gastos. Exercicio 2017 .....	16
Cadro 2: Liquidación orzamento de gastos. Exercicio 2018 .....	17
Cadro 3: Liquidación orzamento de ingresos. Exercicio 2017 .....	17
Cadro 4: Liquidación orzamento de ingresos. Exercicio 2018 .....	18
Cadro 5: Resultado orzamentario. Exercicio 2017 .....	18
Cadro 6: Remanente tesourería .....	19
Cadro 7: Evolución saldo conta 413 .....	23
Cadro 8: Facturas conformadas sen recoñecemento de obriga ou rexeitadas .....	28
Cadro 9: Facturas denunciadas correspondentes a servizos contratados de forma verbal. ....	29
Cadro 10: Circularización de provedores. ....	31
Cadro 11: Resultados da análise dos acordos contrarios a reparos, expedientes con omisión de fiscalización e anomalías de ingresos. ....	32
Cadro 12: Acordos e resolución contrarios a reparos. ....	34





## ABREVIATURAS

CE: Constitución española

LRBRL: Lei reguladora das bases de réxime local

LRXAPPAC: Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

LXT: Lei xeral tributaria

LXO: Lei xeral orzamentaria

TRLRFL: Texto refundido da lei reguladora das facendas locais

LCSP: Lei de contratos do sector público

LRSAL: Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local

EBEP: Estatuto básico do empregado público

LOXE: Lei de orzamentos xerais do estado

LSG: Lei de subvencións de Galicia

EAG: Estatuto de Autonomía de Galicia

LALG: Lei de administración local de Galicia

LOXCAG: Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

LOTIC: Lei orgánica do Tribunal de Cuentas.

LFTC: Lei de Funcionamento do Tribunal de Cuentas.

LCCG: Lei do Consello de Contas de Galicia

LTAIBG: Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

REC: Recoñecementos extraxudiciais de crédito

RD 424/2017: Regulamento do réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público Local

RD 128/2018: Regulamento do réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.





## I. INTRODUCCIÓN

O Pleno do Consello de Contas de Galicia, na sesión que se celebrou o 20 de decembro de 2018, aprobou o seu Plan de traballo para o exercicio 2019. Entre as actuacións previstas na Área de Corporacións Locais figura a realización dun informe de fiscalización sobre o Concello do Porriño, logo das sucesivas denuncias presentadas ante a Valedora do Pobo, Consello de Contas e Fiscalía da Área de Vigo sobre o que se consideran irregularidades relativas a diversos aspectos como aprobación de expedientes de modificacións de crédito, os criterios que enmarcan a contratación administrativa ou a aprobación continuada de créditos extraordinarios e de expedientes de recoñecementos extraxudiciais de créditos.

Estas actuacións enmárcanse no mecanismo de inicio de oficio dos procedementos de fiscalización a través de comunicacións remitidas por persoas físicas ou xurídicas, a fin de fomentar a participación cidadá na prevención da corrupción, recollido polo artigo 24 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, logo da reforma realizada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto.

### I.1. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

O ámbito subxectivo da fiscalización está constituído exclusivamente polo Concello do Porriño, sen incluír ningunha entidade dependente do mesmo ou na que participe.

O ámbito obxectivo está determinado polos seguintes documentos:

- O escrito presentado por 8 dos 17 concelleiros da Corporación Municipal do Concello do Porriño, en relación coa aprobación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito no ano 2017, por importe de 2.768.754,58 euros e da existencia de reparos da Intervención municipal no exercicio 2016 por valor de 2.671.603,37 euros.
- A sentenza número 133/2019, do 22 de maio, do Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Pontevedra, que incluíu na súa parte dispositiva o seguinte apartado: "Remítase un testemuño desta sentenza ao Consello de Contas para que investigue a práctica xeneralizada do Concello do Porriño de encargar verbalmente a prestación de servizos e obras con omisión total e absoluta do procedemento establecido.

O alcance do ámbito obxectivo da fiscalización é o seguinte:

- Verificar se a xestión económico-financeira e orzamentaria se realizou de conformidade coa normativa de aplicación.
- Comprobar a fiabilidade da información que subministran os rexistros contables, verificando o cumprimento dos principios e normas establecidos nas instrucións contables.

- Analizar os procedementos e as medidas de control interno aplicados pola Entidade en orde a garantir unha adecuada xestión económico-orzamentaria.
- Examinar a observancia da normativa reguladora da transparencia da información pública en todo aquilo que puidera ter relación co obxecto das actuacións de fiscalización.

En canto ao ámbito temporal, a fiscalización estendeuse aos exercicios 2017 e 2018.

Os traballos leváronse a cabo de conformidade cos principios fundamentais de fiscalización contidos nas ISSAI-ES 100, ISSAI-ES 400 e ISSAI-ES 4000.

## **I.2 OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN**

O obxectivo da presente fiscalización é a análise e comprobación, mediante a realización dunha auditoría de cumprimento, dos acordos e resolucións contrarios aos reparos adoptados polo Concello do Porriño nos exercicios 2017 e 2018, así como dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos tramitados. Igualmente debido ao incremento detectado no saldo da conta 413 Acredores por operacións devindicadas, estímase oportuno estender a revisión ao sistema de facturación do concello.

Os obxectivos específicos desta fiscalización consisten en determinar as situacións e causas concretas que deron lugar ás resolucións da Alcaldía contrarias aos reparos formulados pola Intervención local e á aprobación de expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito. Xa que logo, trátase da análise dos tipos de operacións, situacións e causas que dan orixe aos acordos contrarios a reparos.

Entendemos non incluída no ámbito da fiscalización a determinación da existencia dunha responsabilidade contable por alcance, cuestión que xa foi analizada pola Sección de Axuízamento do Tribunal de Cuentas nas Dilixencias Preliminares nº C-139/2017, que foron abertas á vista da mesma denuncia que motiva o presente informe de fiscalización. Estas Dilixencias foron arquivadas ao concluír o Ministerio Fiscal que a irregularidade sinalada nun principio estaba debidamente xustificada, ao constar a necesidade da aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 9/2017, por importe de 2.174.982,80 euros, para satisfacer unha serie de facturas por servizos prestados ao concello dos que non se puxo en dúbida a súa efectiva realización, independentemente da súa forma de contratación.

## **I.3. NORMATIVA REGULADORA**

A normativa reguladora da materia obxecto de fiscalización inclúese fundamentalmente nas seguintes disposicións:

- Constitución Española do 27 de decembro de 1978 (BOE nº 311, do 29 de decembro).



- Estatuto de Autonomía de Galicia, (DOG nº 101, do 1 de outubro de 1981).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (BOE nº 80, do 3 de abril).
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro que regula as Facendas Locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas ( BOE nº236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público (BOE nº 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria (BOE do 18 de decembro de 2003).
- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral orzamentaria (BOE nº 284, do 27 de novembro do 2003).
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (BOE nº 59, do 9 de marzo).
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (BOE nº 261, do 31 do outubro de 2015).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da administración local (BOE nº 312, do 30 de decembro).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE nº 295, do 10 de decembro de 2013).
- Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción (DOG nº 164, do 28 de agosto de 2015).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (DOG nº 149, do 5 de agosto).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007).
- Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas (BOE nº 121, do 21 de maio).
- Lei 7/1988, do 5 de abril, do funcionamento do Tribunal de Cuentas (BOE nº 84, do 7 de abril).
- Lei 25/2013, do 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do Rexistro contable das facturas no sector público (BOE nº 311, do 28 de decembro).

- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (BOE nº 67, do 17 de marzo).
- Real decreto 424/2017 polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público Local (BOE nº 113, do 12 de maio)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE nº272, do 9 de novembro).

## **II. CONCLUSIÓNS.**

### **II.1.RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO**

Os diferentes órganos municipais deben garantir que as actividades, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resultan conformes coas normas aplicables. Así mesmo son responsables do sistema de control interno que consideren necesario para garantir que a actividade revisada estea libre de incumprimentos legais e de incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.

### **II.2.RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS**

A responsabilidade do Consello de Contas de Galicia é a de expresar unha conclusión de auditoría financeira e de cumprimento da legalidade, por parte da entidade incluída no ámbito subxectivo deste informe, sobre as obrigas derivadas da normativa aplicable en cada unha das áreas obxecto de fiscalización, así como o respecto aos principios contables e orzamentarios.

Para alcanzar os obxectivos establecidos para este informe realizouse unha análise da documentación remitida pola entidade fiscalizada a través da plataforma de rendición, así como sobre toda a información e documentación solicitada polo Consello no desenvolvemento da presente fiscalización, de conformidade cos Principios fundamentais de fiscalización das Institucións Públicas de Control Externo. Esta normativa esixe o cumprimento dos requirimentos de ética así como a planificación e execución da auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que as actividades revisadas, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resulten, en todos os aspectos significativos, conformes coa normativa aplicable.

### **II.3. CONCLUSIÓNS SOBRE CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE**

#### **II.3.1 FUNDAMENTO DA OPINIÓ DO CUMPRIMENTO**

O Concello do Porriño prestou, en xeral, a colaboración necesaria para a realización dos traballos, atendendo en forma e prazo aos requirimentos realizados no marco da presente fiscalización; non obstante o anterior, os órganos xestores non atenderon á petición de aclaración das facturas que figuran nos rexistros do concello como rexistradas ou conformadas sen rematar o procedemento de



recoñecemento de obriga.

### **II.3.2 OPINIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE**

1. Na nosa opinión, o Concello do Porriño utiliza de xeito continuado a figura do recoñecemento extraxudicial de créditos, sen que responda a necesidades excepcionais, extraordinarias e puntuais, converténdose nun proceder habitual e ordinario que ten como consecuencia o incumprimento da normativa en materia de contratación e a validación de vicios de nulidade de pleno dereito do procedemento.
2. Os procesos tramitados nos Xulgados contenciosos-administrativos de Pontevedra fronte ao Concello do Porriño e os informes de reparo da Intervención, poñen de manifesto que, como regra xeral, se están encargando servizos e obras verbalmente, sen contrato, con omisión total e absoluta do procedemento establecido e dos principios máis básicos da contratación administrativa.

Os procesos xudiciais teñen orixe nas reclamacións interpostas por provedores do pago de facturas presentadas no rexistro de facturas e rexeitadas por carecer de contrato, sen que o concello lles dea outra tramitación, ou na falta de pago por non existir vinculo contractual, a pesar de que conste no expediente administrativo a presentación das facturas e a conformidade coa prestación.

3. A ausencia de procedementos de licitacións, xunto coa ausencia de control financeiro e a deficiente transparencia en materia de contratación, constitúen riscos significativos da entidade.
4. A contabilidade non reflicte a imaxe fiel da situación económico financeira do concello; como resultado das probas realizadas constátase que as contas a pagar non reflicten débedas con provedores por importe de 752.459,79 euros.

### **II.3.3 CONCLUSIÓNS SOBRE OS RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN**

#### **Orzamentos e contabilidade.**

1. O concello prorrogou os orzamentos do exercicio 2012 ata o ano 2017, derivándose para a entidade as seguintes limitacións xurídicas ao non ser posible prorrogar os créditos procedentes de modificacións de crédito nin os créditos destinados a servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados que, exclusivamente, fosen percibirse no exercicio anterior.

Esta circunstancia leva á necesidade de realizar un elevado número de modificacións orzamentarias e tamén pode afectar ao grao de execución do orzamento.

2. No exercicio 2017 producíronse modificacións orzamentarias por importe de 5.416.489,28 euros que representan máis de 36% dos créditos iniciais.
3. Existen operacións pendentes de aplicar ao orzamento recollidas na conta 413 Acredores pendentes de aplicar ao orzamento cun saldo de 735.117,23 euros no exercicio 2017 e de 4.874.541,63 euros en 2018. A existencia de saldos nesta conta ten tamén especial influencia no desenvolvemento dos orzamentos, xa que engaden un novo desaxuste á execución orzamentaria, trasladando a imputación de gastos entre exercicios.
4. Da comprobación efectuada sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, resulta que a entidade cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria para a exercicio 2017 pero non no exercicio 2018. Nos dous exercicios incumpriu cos límites da regra do gasto e do período medio de pago. Tampouco se cumpriu cos obxectivos do Plan Económico Financeiro para o ano 2018.

### **Contratación**

5. O concello do Porriño utiliza como habitual a practica de contratar directa e verbalmente sen procedemento algún, sen crédito e sen fiscalización, remunerando logo a prestación mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito ou mediante un recoñecemento xudicial derivado dunha sentenza.
6. Algún dos servizos sen cobertura contractual son servizos de prestación obrigatoria, como a iluminación pública ou a recollida de residuos. De acordo cos datos que figuran na plataforma de contratación do sector público, dita situación segue manténdose na data de finalización da elaboración do informe, sen que obedeza a necesidades excepcionais.
7. Coa utilización do procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos elúdese o cumprimento da normativa en materia de contratación, optando por empregar esta vía para a validación de vicios do procedemento que incorren en nulidade de pleno dereito declarados nos informes de reparo da Intervención.
8. Estase a utilizar a vía xudicial coa mesma finalidade que os recoñecementos extraxudiciais de crédito, incrementando ademais os gastos coas condenas en costas e xuros legais.

### **Transparencia**

9. A entidade cumpre, con carácter xeral, coas súas obrigas de transparencia reguladas na Lei 19/2013, do 27 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no relativo á publicidade activa. No relativo á rendición de contas, nos exercicios 2017 a entidade procedeu ao cumprimento da remisión ao Consello de Contas fóra do prazo establecido.

### **Resolucións contrarias a reparos, expedientes con omisión da fiscalización previa e Recoñecemento extraxudicial de créditos.**

10. Nos exercicios fiscalizados, no Concello do Porriño ditáronse un total de 62 resolucións da alcaldía contrarias aos reparos formulados pola intervención, por un importe global de 5.357.302,76 euros, dos que 1.085.892,07 euros corresponden ao exercicio 2017 e os 4.271.410,69 euros restantes ao exercicio 2018.

11. No exercicio 2017 aprobáronse polo Pleno da corporación 2 expedientes de crédito extraordinario que supuxeron o recoñecemento extraxudicial de crédito de 2.562.183,06 euros.

12. No mesmo exercicio 2017 aprobouse polo Pleno da corporación 1 expediente de crédito extraordinario para facer fronte á execución dunha sentenza xudicial firme que condena ao concello ao pago da débeda de 206.571,52 euros a un provedor polos servizos prestados unha vez vencido o contrato. Na sentenza tamén se condena ao concello ao pago dos xuros legais correspondentes e ás costas.

13. O importe das obrigas recoñecidas netas da liquidación do orzamento afectadas polo levantamento de reparo e posterior recoñecemento extraxudicial de crédito é moi elevada, situándose no 23% no exercicio 2017 e no 29% no exercicio 2018.

14. A fase de gasto reparada é, practicamente en todos os expedientes, a de recoñecemento da obriga, o que nalgúns casos constitúe unha omisión da fiscalización previa do gasto. Todas as resolucións adoptadas incorporan varios negocios xurídicos.

15. O motivo de reparo formulado polo órgano interventor é a omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais (art. 216.2.c) do TRLFL) e trae causa dos seguintes incumprimentos en materia de contratación: superar as limitacións existentes para a tramitación do contrato menor, tanto no límite cuantitativo como no temporal; prórroga do contrato polo consentimento tácito das partes; contratación verbal en servizos e subministracións cuxo importe supera amplamente a contía do contrato menor e responden a necesidades periódicas, previsibles e recorrentes.

16. Todos os reparos suspensivos son obxecto de levantamento de reparo pola Alcaldía, ou polo Pleno no caso de non existir crédito orzamentario, presentando os expedientes os seguintes caracteres:

- No mesmo acto do levantamento do reparo ten lugar a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial procedendo a contabilizar a fase O do gasto das relacións contables

correspondentes.

- Non consta outra motivación que a teoría do enriquecemento inxusto da administración, sen unha análise da concorrencia dos requisitos para recoñecer o “enriquecemento sen causa” ou “inxusto”.
- Non se inclúe memoria ou informe do órgano xestor onde se xustifique o carácter excepcional do gasto
- Non consta que a entidade valorase a procedencia da realización dunha revisión de oficio e no seu caso declaración da nulidade do acto, pese a que tanto as resolucións contrarias a reparos como os expedientes de aprobación dos recoñecementos extraxudiciais de créditos conteñan nalgúns casos actos nulos de pleno dereito.
- Tampouco constan nos expedientes unha valoración das incidencias económicas de non acudir ao sinalado procedemento de revisión de oficio.

### **Sistema de tramitación de facturas**

17. O sistema de facturación electrónica do Concello do Porriño manifesta unha falta de coordinación entre o Punto Xeral de Entrada de Facturas PXEF e o Rexistro Contable de Facturas RCF, existindo facturas no PXEF que non figuran na contabilidade, ao tempo que se constata igualmente a non actualización dos diferentes estados polos que pasa a factura presentada electronicamente, a medida que se executa o procedemento administrativo de recoñecemento da obriga. En consecuencia, este sistema perde a súa condición de plataforma online para a presentación de facturas, que permite ao provedor presentar e coñecer en cada momento o estado de tramitación das súas facturas.

18. A solicitude de confirmación dos saldos pendentes de cobro dos provedores do Concello do Porriño pon de manifesto importantes diferencias entre os saldos que figuran na contabilidade e os declarados polos mesmos. A proba realizada indica que a contabilidade non reflicte saldos pendentes de cobro por importe de 752.459,79 euros.

## **III. RECOMENDACIÓNS**

### **Orzamentos e contabilidade.**

1. A aprobación anual do seu orzamento favorecería a consecución dunha adecuada sistematización da súa actividade, prestando información sobre todos aqueles plans, programas, estados e demais datos que legalmente deben acompañar aos orzamentos, de forma que permitan coñecer a natureza económica dos ingresos e gastos previstos e as finalidades e obxectivos perseguidos por estes.

2. A aprobación do orzamento anual cunhas adecuadas previsións de ingresos e gastos contribuirá





a diminución das modificacións orzamentarias.

3. A entidade local debe adoptar medidas de xestión do gasto público que obriguen á imputación ao orzamento e á contabilización de todas as obrigas do exercicio. E, así mesmo, debe facer efectivas as responsabilidades previstas nas distintas normas para o caso de non cumprimento das obrigas establecidas para a xestión do gasto público.

4. Debe procederse á cuantificación dos riscos por procedementos xudiciais en curso e, no seu caso, á dotación da provisión por responsabilidades.

### **Contratación**

5. Recoméndase establecer un adecuado dimensionamento da área de contratación, establecendo protocolos e manuais de xestión e control que faciliten o seu correcto funcionamento.

6. A entidade deberá elaborar un Plan anual de contratación, no que se programe mediante o correspondente documento de planificación ou cronograma, a licitación daqueles gastos que se repiten reiterada e periodicamente, superando os límites e prazos do contrato menor. Igualmente, deberá garantirse que o inicio da tramitación dos expedientes de contratación derivada da finalización da vixencia dos contratos se realice coa antelación suficiente para evitar a execución de gastos sen cobertura contractual.

### **Transparencia.**

7. Débese cumprir coas obrigas de transparencia e acceso á información pública, referidas á publicación da información que sexa relevante para garantir a transparencia da actividade municipal, a cal debe ser publicada na súa sede electrónica ou páxina web dunha forma clara, estruturada e entendible para os interesados, respectando o dereito de todas as persoas ao acceso á información pública.

### **Resolucións contrarias a reparos, expedientes con omisión da fiscalización previa e Recoñecemento extraxudicial de créditos.**

8. O órgano de Goberno do Concello do Porriño non debe considerar como un procedemento ordinario de xestión a aprobación de acordos de recoñecementos extraxudiciais de crédito, levantamento de reparos ou adopción de acordos contrarios aos informes desfavorables dos órganos de intervención.

9. O órgano interventor debe incorporar ao Plan de control financeiro a análise económico financeira do funcionamento dos servizos da entidade, tanto no que atinxe ao cumprimento normativo como a adecuación da súa xestión aos principios de eficacia, eficiencia, economía, transparencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

10. Enténdese convinte que o Pleno do Concello do Porriño axuste a regulación da tramitación e contido dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, incluíndo a especificación da forma en que se acredite documentalmente a realización da prestación ou o dereito do acredor, así como a inclusión dunha memoria ou informe do órgano xestor onde se xustifique o carácter excepcional do gasto de acordo co regulado no artigo 28 do RD 424/2017.

11. En relación coa recomendación anterior, debe ser tido en conta que o RD 424/ 2017 establece para os expedientes nos que se tivera omitido a función interventora a obriga do órgano de intervención de formular un informe sobre a posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento.

12. Aconséllase que o órgano de control interno realice as actuacións necesarias co fin de informar ás autoridades e ao persoal ao servizo das entidades das consecuencias e responsabilidades que deriven da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, nos termos establecidos no Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e nos artigos 28 e 30 da Lei 19/ 2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

### **Sistema de tramitación de facturas**

13. O Concello do Porriño debe redeseñar todo o sistema de comunicación entre o Punto Xeral de Entrada de Facturas e o Rexistro Contable de Facturas a fin de garantir a súa permanente intercomunicación.

14. O Concello do Porriño debe abordar a depuración das facturas que figuran no Punto Xeral de Entrada de Facturas, actualizando os seus estados, depurando as posibles duplicidades e rehabilitando aquelas facturas rexeitadas e non conformadas por ter orixe nunha contratación directa e verbal do propio concello, previa confirmación da realidade da efectiva entrega do ben ou prestación do servizo que motiva a emisión das mesmas.

## **IV. RESULTADOS DERIVADOS DO TRABAJO DE FISCALIZACIÓN**

### **IV.1 CONSIDERACIÓNS XERAIS**

Os obxectivos específicos desta fiscalización consisten na análise dos gastos tramitados prescindindo dos procedementos legalmente establecidos para a súa contratación, así como na determinación das situacións e causas concretas que deron lugar ás resolucións da Alcaldía contrarias aos reparos formulados pola Intervención local e á aprobación de expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, polo que, previamente á análise das causas que deron orixe a ditos acordos e a tramitación dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos, cómpre definir ambos

conceptos.

#### **IV.1.1 ACORDOS CONTRARIOS A REPAROS**

No ámbito da administración local, o TRLRFL establece un control previo de legalidade, denominado función interventora, co obxecto de garantir que a actuación administrativa se axusta ao procedemento legalmente establecido e ás disposicións reguladoras da administración e xestión de fondos públicos.

Atendendo á normativa vixente no ámbito temporal do informe, a función interventora exerceuse con carácter previo sobre todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigacións de contido económico ou movemento de fondos de valores. Nos casos en que, no exercicio desta función, o órgano interventor se manifeste en desacordo co fondo ou forma do acto, documento ou expediente examinado debe formular, de forma motivada, un reparo por escrito. Este reparo terá carácter suspensivo nos supostos que recolle o artigo 216.2 TRLRFL: se o gasto é proposto por un órgano incompetente; cando se aprecien graves irregularidades na documentación xustificativa do recoñecemento da obriga ou cando se omitan requisitos ou trámites esenciais que puidesen dar lugar á nulidade do acto.

Á vista desta circunstancia, o órgano xestor pode aceptar o reparo e, ou ben desistir da tramitación do expediente, ou ben emendar as deficiencias observadas e remitir de novo as actuacións ao órgano interventor. No caso en que non estea de acordo co reparo, o órgano xestor exporá unha discrepancia ao Presidente da entidade local ou ao Pleno, naqueles casos en que o reparo se basee na insuficiencia de crédito ou se refira a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

A discrepancia debe formularse por escrito, recollendo unha motivación suficiente que debe incluír a cita dos preceptos legais nos que o órgano xestor sustenta o seu criterio. Resolta a discrepancia, continúa a tramitación do expediente, deixando constancia que se adecúa ao criterio fixado na resolución correspondente ou ben da motivación que xustifique a non aplicación do criterio establecido polo órgano de control. Debe terse en conta que as opinións do órgano de control non prevalecen sobre as do órgano xestor.

Ademais, o órgano de control debe elevar ao Pleno un informe anual de todas as resolucións adoptadas polo Presidente contrarias aos reparos efectuados, así como remitir anualmente ao Tribunal de Contas e, no seu caso, ao órgano de control externo autonómico correspondente, todas as resolucións e acordos adoptados polo presidente e o Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, tal e como establece o artigo 218.3 TRLRFL.

Polo tanto, un acordo contrario a reparo é consecuencia dunha discrepancia producida por un

reparo interposto polo órgano de intervención no exercicio da fiscalización previa á adopción ou aprobación do acto administrativo. O expediente deberá ser rexistrado como “acordo contrario a reparo”.

Da documentación analizada resulta que o motivo dos reparos formulados polo órgano de intervención é a omisión de requisitos ou trámites esenciais, fundamentalmente por ausencia do procedemento de contratación ou por prolongar a prestación fora do período de vixencia do contrato.

O procedemento empregado para solventar as discrepancias formuladas pola Intervención foi a tramitación, pola Alcaldía ou polo Pleno da Corporación segundo existise ou non dotación orzamentaria, dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito baseado no feito de que a prestación xa foi realizada e se encontra no suposto de enriquecemento inxusto.

#### **IV.1.2 O RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO COMO PROCEDIMENTO DE RECOÑECIMENTO DE DÉBIDA PARA EVITAR O ENRIQUECIMENTO INJUSTO DA ADMINISTRACIÓN**

O recoñecemento extraxudicial de créditos é o mecanismo establecido polo ordenamento xurídico para proceder ao pago daquelas facturas polas que se contraeron obrigas sen consignación orzamentaria. Así o prevé o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do título VI da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos: “Corresponderá ao Pleno da Entidade Local o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito, ou concesións de quita e espera”.

Así, o recoñecemento extraxudicial de créditos é o procedemento en virtude do cal a Administración Local recoñece obrigas non comprendidas no orzamento en curso para regularizar os gastos que non se aplicaron a ningunha partida do ano orzamentario en que deberon ser descontadas.

Polo tanto, a primeira conclusión que se extrae do exposto é que, aínda que non sexa a regra xeral, o ordenamento xurídico prevé a posibilidade de recoñecer obrigas contraídas sen consignación orzamentaria derivadas de servizos prestados á administración.

Pero o recoñecemento extraxudicial de créditos tamén se vén utilizando, non só para recoñecer obrigas contraídas sen consignación orzamentaria, senón para sanear situacións puntuais irregulares que adoecen dun vicio constitutivo de nulidade. Tal como se expoñerá ao longo do presente informe, nos expedientes analizados existe crédito para a realización do gasto, pero non cobertura contractual.



É preciso destacar que nos referimos sempre a facturas e xustificantes de gastos que foron efectivamente recibidos e prestados, é dicir, aos que o concello prestou a súa conformidade. É precisamente esa conformidade a que xustifica a súa tramitación non desde un punto de vista contractual, senón extracontractual, a través dunha responsabilidade patrimonial derivada do chamado "*enriquecemento sen causa*" ou "*inxusto*", pois a prestación ou o servizo efectivamente executados beneficiaron á administración e por iso procede resarcir ao contratista dos traballos realizados.

Trátase, non obstante, dun instrumento a utilizar en casos puntuais, de natureza extraordinaria, posto que supón unha ruptura dos principios de anualidade orzamentaria e limitación cuantitativa dos créditos, principios recollidos no artigo 163 TRLRFL.

Por último e aínda que entrou e vigor o 1 de xullo de 2018, cómpre traer a colación a modificación introducida a través do RD 424/2017, que no seu artigo 28, establece que naqueles expedientes en que se houbera omitido a función interventora, o órgano de intervención deberá formular un informe no que se porá de manifesto, entre outros extremos a posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada en función de si se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron. Para iso, terase en conta que o resultado da revisión do acto materialízase acudindo á vía da indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto no seu favor ou de incumprir a obrigaación ao seu cargo, polo que, por razóns de economía procesual, só sería pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe das devanditas indemnizacións fose inferior ao que se propón.

Debe ser tido igualmente en conta que o recoñecemento extraxudicial de créditos permite o pago pero non depura as responsabilidades nas que se teña incorrido pola contratación do servizo omitindo o procedemento legalmente establecido, e non exime de proceder ás preceptivas licitacións dos contratos para a súa prestación no sucesivo, conforme ao previsto na LCSP e na seguinte normativa:

- Art. 173.5 TRLRFL: Non poderán adquirirse compromisos de gasto por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos de resolución e actos administrativos que infrinxan a expresada norma.
- Artigo 39 LCSP establece como causa de nulidade de pleno dereito administrativo, por unha parte, a carencia ou insuficiencia de crédito e, por outra, as indicadas no art. 47 LPAC, entre as que destaca a referida a ditar actos prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.

- Disposición Adicional 28 LCSP que establece a responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal das administracións públicas derivada das súas actuacións en materia de contratación pública.

Ademais, a LTBG tipifica no artigo 28 como faltas moi graves aprobar compromisos de gastos, recoñecementos de obrigas e ordenación de pagos sen crédito suficiente para realizalos ou con infracción do disposto na normativa orzamentaria que sexa aplicable, así como a omisión do trámite de intervención previa dos gastos, obrigas ou pagos cando esta resulte preceptiva, ou do procedemento de resolución de discrepancias fronte aos reparos suspensivos da intervención, regulado na normativa orzamentaria.

## **IV.2 NATUREZA DO ENTE FISCALIZADO**

O Concello do Porriño é unha entidade local que conta cunha poboación de 19.740 habitantes a 1 de xaneiro de 2018 e de 19.600 habitantes en 2017, segundo datos publicado polo INE.

Ten adscrito o Consorcio Xestión ciclo integral da auga do Louro e a Entidade de ámbito territorial inferior ao municipio de Chenlo.

A composición da Corporación resultante das eleccións de 2015 foi a seguinte: PP: 8 concelleiros; PSdeG-PSOE: 4 concelleiros; UDL: 2 concelleiros; BNG: 1 concelleiros; EU-Son: 1 concelleiro; Non adscritos: 1 concelleiro; resultando elixida Alcaldesa a candidata do PSdeG-PSOE.

O resultado das eleccións municipais de 2019 outorgou o seguinte reparto de concelleiros: PP: 8 concelleiros; PSdeG-PSOE: 4 concelleiros; BNG: 2 concelleiros; Son en Común: 2 concelleiros ; UDDL: 1 concelleiro; resultando elixida Alcaldesa a candidata do PSdeG-PSOE.

Os aspectos básicos desta entidade réxense pola LRBRL e pola LALG, e, de acordo con dita normativa, entre as competencias e servizos públicos de prestación obrigatoria cabe citar as relativas ao alumado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, acceso a núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

### **IV.2.1 SITUACIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA**

No exercicio 2017 estivo vixente o orzamento prorrogado do exercicio anterior. No exercicio 2018 o orzamento do Concello foi aprobado definitivamente no Pleno do 7 de maio de 2018, por unha contía total de 17.266.959,27 euros no orzamento de gastos e de 17.269.028,69 euros en ingresos; este orzamento prorrogouse en 2019 por resolución da alcaldía do 23 de xaneiro dese ano.

A situación do cumprimento das obrigas de remisión da información relativa á conta xeral, acordos

contrarios a reparos e contratos que os concellos deben realizar a través da Plataforma de rendición de contas das entidades locais é a seguinte:

- Remisión da conta xeral do exercicio 2017: remitida o 16 de xaneiro 2019, fóra do prazo establecido do 15 de outubro de 2018.
- Remisión da conta xeral do exercicio 2018: na data de emisión do presente informe non se tiña rendido a conta de 2018, incumprindo a obriga establecida polo TRLRFL de render antes do 15 de outubro a conta xeral correspondente ao exercicio económico anterior, polo que os datos que a continuación se expoñen corresponden aos que constan no Ministerio de Facenda.
- Remisión de acordos contrarios a reparos, expedientes con omisión de fiscalización previa e anomalías de ingresos: a información relativa ao exercicio 2017 recibíuse o 11 de xaneiro 2019 e a do exercicio 2018 o 11 de xullo de 2019, ambas remisións realizáronse fóra do prazo establecido do 30 de abril do exercicio seguinte ao que se refiran.
- Remisión dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais dos contratos: a información relativa ao exercicio 2017 remítiuse o 31 de xaneiro 2018 e a do exercicio 2018 recibíuse o 11 de febreiro de 2019.

O Pleno da entidade aprobou un Plan Económico Financeiro no exercicio 2018 con efectos para os exercicios 2018/2019.

## **LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS**

O feito de que desde o ano 2012 se veña prorrogando o orzamento municipal, ao amparo e coas limitacións recollidas no artigo 169.6 do TRLRFL, provoca unha serie de desaxustes nos créditos iniciais que deste xeito non se acomodan ás circunstancias económicas de cada exercicio orzamentario. Por iso prodúcese un alto número de modificacións orzamentarias no ano 2017, acadando o 36% dos créditos iniciais; e tamén se reflicte no grao de execución, do 78% neste exercicio.

Á vista da liquidación do orzamento do gasto no exercicio 2017 os datos máis relevantes que se poden extraer da mesma son:

- O 52% dos créditos definitivos corresponden ao capítulo 2 de gastos correntes en bens e servizos, seguido dos gastos de persoal co 23% e os investimentos reais co 14%.
- O 61% das obrigas recoñecidas tamén corresponden ao capítulo 2, seguido igualmente dos gastos de persoal co 24% e dos investimentos reais con só o 9%.
- Os créditos iniciais incrementáronse nun 36% coas modificacións orzamentarias, concentradas nos capítulos de investimentos reais e gastos correntes en bens e servizos. O feito de funcionar

cun orzamento prorrogado é determinante na súa alta porcentaxe de modificacións polas limitacións que implica a prorroga orzamentaria.

- Debe terse en conta que no exercicio 2017 houbo modificacións orzamentarias financiadas con remanentes de tesourería para gastos xerais por importe de 2.737.902,39 euros.
- En canto a execución do orzamento, a porcentaxe de obrigas recoñecidas sobre créditos definitivos acadou o 78% e non chegaron a comprometerse un 22% dos créditos definitivos.
- Por último é de salientar que non se pagaron no exercicio un 12% das obrigas recoñecidas.

Ditos datos reflíctense no cadro seguinte:

**Cadro 1: Liquidación orzamento de gastos. Exercicio 2017**

Capítulo	Créditos iniciais	Modificación créditos	Créditos definitivos	Gastos comprometidos	Obrigas recoñecidas	% Execución (ORec/CDef)	Pagos	Obrigas pendentes	Remanentes crédito
1 Gastos de persoal.	5.037.335,48	-352.809,04	4.684.526,44	3.854.264,42	3.846.707,84	82,12%	3.842.699,59	4.008,25	837.818,60
2 Gasto corrente en bens e servizos.	7.713.454,56	2.762.096,23	10.475.550,79	9.985.904,66	9.667.117,61	92,28%	8.219.714,20	1.447.403,41	808.433,18
3 Gastos financeiros.	221.055,47	0,00	221.055,47	9.132,03	9.132,03	4,13%	9.132,03	0,00	211.923,44
4 Transferencias correntes.	1.345.014,23	190.340,00	1.535.354,23	856.751,34	791.924,14	51,58%	764.639,59	27.284,55	743.430,09
6 Investimentos reais.	0,00	2.798.236,03	2.798.236,03	1.720.723,19	1.441.604,69	51,52%	1.089.567,63	352.037,06	1.356.631,34
7 Transferencias de capital.	0,00	2.400,00	2.400,00	2.400,00	2.400,00	100,00%	2.400,00	0,00	0,00
8 Activos financeiros.	65.000,00	0,00	65.000,00	27.739,41	27.739,41	42,68%	27.739,41	0,00	37.260,59
9 Pasivos financeiros.	473.572,91	16.226,06	489.798,97	37.860,80	37.860,80	7,73%	21.634,74	16.226,06	451.938,17
<b>Total xeral</b>	<b>14.855.432,65</b>	<b>5.416.489,28</b>	<b>20.271.921,93</b>	<b>16.494.775,85</b>	<b>15.824.486,52</b>	<b>78,06%</b>	<b>13.977.527,19</b>	<b>1.846.959,33</b>	<b>4.447.435,41</b>

A liquidación do orzamento do gasto do exercicio 2018 presenta os seguintes datos:

- O 40% dos créditos definitivos corresponden ao capítulo 2 de gastos correntes en bens e servizos, seguido dos investimentos reais co 33% e os gastos de persoal co 21%.
- O 54% das obrigas recoñecidas corresponden ao capítulo 2, seguido dos gastos de persoal co 28% e dos investimentos reais con só o 11%.
- En canto a execución do orzamento, a porcentaxe de obrigas recoñecidas sobre créditos definitivos acadou o 67%, chamando a atención o capítulo 6 Investimentos reais no que só se recoñeceron o 23% dos seus créditos definitivos.
- Por último é de salientar que o remanente de crédito acadou o 33% dos créditos definitivos, correspondendo un 75% ao capítulo 6 Investimentos reais.



Os datos da liquidación do exercicio 2018 que se expoñen no cadro seguinte obtivéronse na Oficina virtual de entidades locais do Ministerio de Facenda xa que, na data de emisión deste informe de fiscalización, o Concello do Porriño non tiña rendida a Conta xeral do exercicio.

**Cadro 2: Liquidación orzamento de gastos. Exercicio 2018**

Capítulo	Créditos Iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Pagos	Obrigas pendentes	Remanentes crédito
1 Gastos de persoal.	4.774.061,63	-164.260,24	4.609.801,39	4.146.768,26	4.143.899,90	2.868,36	463.033,13
2 Gasto corrente en bens e servizos.	7.944.557,84	962.096,38	8.906.654,22	7.870.169,17	7.383.778,16	486.391,01	1.036.485,05
3 Gastos financeiros.	50.000,00	0,00	50.000,00	29.915,71	29.915,21	0,50	20.084,29
4 Transferencias correntes.	1.353.175,07	-144.111,97	1.209.063,10	936.587,40	888.610,96	47.976,44	272.475,70
6 Investimentos reais.	47.740,61	7.140.098,57	7.187.839,18	1.659.200,31	1.550.026,64	109.173,67	5.528.638,87
7 Transferencias de capital.	3.022.424,12	-3.015.024,12	7.400,00	3.009,42	3.009,42	0,00	4.390,58
8 Activos financeiros.	5.000,00	65.000,00	70.000,00	23.087,47	23.087,47	0,00	46.912,53
9 Pasivos financeiros.	70.000,00	-70.000,00	0	0	0	0,00	0,00
<b>Total xeral</b>	<b>17.266.959,27</b>	<b>4.773.798,62</b>	<b>22.040.757,89</b>	<b>14.668.737,74</b>	<b>14.022.327,76</b>	<b>646.409,98</b>	<b>7.372.020,15</b>

## LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

Verificouse a corrección e contido da información subministrada pola liquidación do orzamento de ingresos correspondente ao ano 2017, así como a coherencia entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade financeira, sen que se detectasen defectos nin diferencias.

A liquidación do Orzamento de Ingresos dos exercicios 2017 e 2018 que se recolle nos seguintes cadros, mostra os datos subministrados na rendición da conta xeral do ano 2017 e a información que o concello comunicou ao Ministerio de Facenda respecto do ano 2018, xa que non ten rendida a Conta de 2018:

**Cadro 3: Liquidación orzamento de ingresos. Exercicio 2017**

Capítulo	Previsións Iniciais (1)	Modificacións (2)	Previsións Definitivas (3)	Dereitos recoñecidos netos (4)	Recadación Neta (5)	Dereitos ptes cobro (4-5)	Exceso/defecto previsión (4-3)
1 Impostos directos.	5.282.000,00	0,00	5.282.000,00	5.113.989,15	5.113.989,15	0,00	-168.010,85
2 Impostos indirectos.	250.000,00	0,00	250.000,00	274.841,66	274.841,66	0,00	24.841,66
3 Taxas, prezos públicos. e outros ingresos.	4.018.465,69	453,92	4.018.919,61	2.398.202,45	2.330.577,33	67.625,12	-1.620.717,16
4 Transferencias correntes.	4.377.956,91	672.846,23	5.050.803,14	6.115.402,19	5.251.221,47	864.180,72	1.064.599,05
5 Ingresos patrimoniais.	948.656,67	0,00	948.656,67	682.195,33	393.996,73	288.198,60	-266.461,34
7 Transferencias de capital.	0,00	1.818.214,60	1.818.214,60	1.090.513,93	192.174,03	898.339,90	-727.700,67
8 Activos financeiros.	65.000,00	2.924.974,53	2.989.974,53	27.739,41	10.568,07	17.171,34	-2.962.235,12

## Informe de fiscalización selectiva Concello do Porriño. Exercicios 2017/2018

Capítulo	Previsións Iniciais (1)	Modificacións (2)	Previsións Definitivas (3)	Dereitos recoñecidos netos (4)	Recadación Neta (5)	Dereitos ptes cobro (4-5)	Exceso/defecto previsión (4-3)
<b>Total xeral</b>	<b>14.942.079,27</b>	<b>5.416.489,28</b>	<b>20.358.568,55</b>	<b>15.702.884,12</b>	<b>13.567.368,44</b>	<b>2.135.515,68</b>	<b>-4.655.684,43</b>

No exercicio 2017 as previsións iniciais, en concordancia cos créditos iniciais de gastos, incrementáronse nun 36% coas modificacións orzamentarias, concentradas nos capítulos de activos financeiros, transferencias de capital e transferencias correntes. Neste exercicio houbo un exceso de previsións do 23%.

### Cadro 4: Liquidación orzamento de ingresos. Exercicio 2018

Capítulo	Previsións Iniciais	Modificacións	Previsións Definitivas	Dereitos recoñecidos netos	Recadación Neta	Dereitos ptes cobro	Exceso/defecto previsión
1 Impostos directos.	5.422.400,00	0,00	5.422.400,00	5.058.164,27	5.058.164,27	0,00	-364.235,73
2 Impostos indirectos.	275.000,00	0,00	275.000,00	296.121,55	296.121,55	0,00	21.121,55
3 Taxas, prezos públ. e outros ingresos.	2.425.674,00	363.307,48	2.788.981,48	2.520.719,11	2.458.690,69	62.028,42	-268.262,37
4 Transferencias correntes.	5.433.767,17	833.374,81	6.267.141,98	5.227.511,06	5.108.812,75	118.698,31	-1.039.630,92
5 Ingresos patrimoniais.	757.404,84	0,00	757.404,84	605.527,14	300.829,93	304.697,21	-151.877,70
6 Alleamento de investimentos reais	2.889.782,68	21.162,90	2.910.945,58	398.945,37	398.945,37	0,00	-2.512.000,21
7 Transferencias de capital.	65.000,00	3.064.643,12	3.129.643,12	869.651,47	735.997,00	133.654,47	-2.259.991,65
8 Activos financeiros.	0,00	491.310,31	491.310,31	23.087,47	11.537,59	11.549,88	-468.222,84
<b>Total xeral</b>	<b>17.269.028,69</b>	<b>4.773.798,62</b>	<b>22.042.827,31</b>	<b>14.999.727,44</b>	<b>14.369.099,15</b>	<b>630.628,29</b>	<b>-7.043.099,87</b>

En 2018, a pesar de contar cun orzamento aprobado nese exercicio, as modificacións de crédito tamén foron importantes, chegando a incrementar as previsións iniciais nun 28%, fundamentalmente no capítulo 7 e 4 de transferencias. Ademais, houbo un exceso de previsións do 32%.

## RESULTADO ORZAMENTARIO

No exercicio 2017 o resultado orzamentario que consta na Conta xeral presentada, despois de axustes, presenta unha capacidade de financiamento de 2.458.521,05 euros.

### Cadro 5: Resultado orzamentario. Exercicio 2017

Conceptos Rdo Orzamentario	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes (Rdo)	Resultado Orzamentario
01 a. Operacións correntes	14.584.630,78	14.314.881,62	0,00	269.749,16
02 b. Operacións de capital	1.090.513,93	1.444.004,69	0,00	-353.490,76
03 l. Total operacións non financeiras (a+b)	15.675.144,71	15.758.886,31	0,00	-83.741,60
04 c) Activos financeiros	27.739,41	27.739,41	0,00	0,00
05 d) Pasivos financeiros	0,00	37.860,80	0,00	-37.860,80
06 Total operacións financeiras (c+d)	27.739,41	65.600,21	0,00	-37.860,80
<b>07 RDO. ORZAMENTARIO. EJERCICIO (l=1+2)</b>	<b>15.702.884,12</b>	<b>15.824.486,52</b>	<b>0,00</b>	<b>-121.602,40</b>



Conceptos Rdo Orzamentario	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes (Rdo)	Resultado Orzamentario
08 3. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais	0,00	0,00	2.737.902,39	0,00
09 4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00	0,00	34.492,49	0,00
10 5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00	0,00	192.271,43	0,00
11 Total axustes (II=3+4+5)	0,00	0,00	2.580.123,45	0,00
<b>12 RDO. ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>2.458.521,05</b>

## REMANENTE DE TESOURERIA

O remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio foi o seguinte:

### Cadro 6: Remanente tesourería.

Remanente tesourería		
Compoñente	Exercicio 2017	Exercicio 2018
01 1. Fondos líquidos	<b>8.306.119,26</b>	<b>8.869.829,90</b>
02 2. Dereitos pendentes de cobramento	<b>8.645.189,80</b>	<b>7.304.088,01</b>
03 (+) Do orzamento corrente	2.135.515,68	630.628,29
04 (+) De orzamentos pechados	6.386.230,26	6.537.589,77
05 (+) De operacións non orzamentarias	123.443,86	135.869,95
07 3. Obrigas pendentes de pago	<b>3.340.505,99</b>	<b>1.923.609,33</b>
08 (+) Do orzamento corrente	1.846.959,33	646.409,98
09 (+) De orzamentos pechados	111.007,66	20.672,93
10 (+) De operacións non orzamentarias	1.382.539,00	1.256.526,42
11 4. Partidas pendentes de aplicación	<b>-110.762,71</b>	<b>-350.126,09</b>
12 (-) Cobros pendentes de aplicación definitiva	382.892,24	622.255,62
13 (+) Pagos pendentes de aplicación definitiva	272.129,53	272.129,53
<b>14 I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)</b>	<b>13.500.040,36</b>	<b>13.900.182,49</b>
15 II. Saldos de dubidoso cobramento	5.923.322,46	6.040.060,87
16 III. Exceso de financiamento afectado	99.771,43	252.371,55
<b>17 IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I - II - III)</b>	<b>7.476.946,47</b>	<b>7.607.750,07</b>

Obsérvase nos dous exercicios que se ben existe unha cantidade importante de dereitos pendentes de cobro estes compénsanse en gran medida cos saldos de dubidoso cobro, que representan máis do 90% dos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados tanto en 2017 como en 2018.

## ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, LIMITE DE DÉBEDA E REGRA DE GASTO

A LOEOSF esixe o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no momento da elaboración, aprobación e execución do orzamento, atendendo a tres magnitudes: estabilidade orzamentaria, regra de gasto e sustentabilidade financeira.

## ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, NECESIDADE DE FINANCIAMENTO

Segundo o artigo 3 da LOEOSF, a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos realizaranse nun marco da estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou superávit

estrutural, situación de equilibrio que, de acordo coa normativa europea, se define en termos SEC 2010.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria das entidades locais aprobado para os exercicios 2017 e 2018 identifícase co equilibrio, isto é, déficit cero.

Os cálculos para a determinación da necesidade de financiamento deberán realizarse tomando coma referencia os ingresos e os gastos non financeiros, isto é, os capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e restándolles os capítulos 1 a 7 do estado de gastos. Estas cifras deben ser axustadas á contabilidade europea, que ten a súa base nos criterios de devindicación e de caixa.

Dos datos publicados polos Ministerio de Facenda resulta que Concello do Porriño cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria para a exercicio 2017, cun saldo non financeiro para o exercicio de -83.741,60 euros. No exercicio 2018, non cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, cun saldo non financeiro de 330.898,70 euros.

### **REGRA DE GASTO**

A LOEPSF sinala que a variación de gasto computable non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española, publicándose dita taxa no informe da situación económica elaborado polo Ministerio de Economía e Competitividade no momento de fixar os obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Segundo os datos publicados polo Ministerio de Facenda, o Concello do Porriño incumpe o límite de regra de gasto nos exercicios 2017 e 2018.

### **LÍMITE DE DÉBEDA**

A LOEPSF establece a obriga de non superar o límite de débeda pública que foi fixado no 3,8 do PIB, sen que se establecera en termos de ingresos non financeiros o obxectivo de límite de débeda para as entidades locais, polo que resulta de aplicación o límite establecido no artigo 53 do TRLFL.

Non existe débeda financeira nos exercicios 2017 e 2018, polo que o nivel de débeda sitúase por debaixo do 110% dos ingresos correntes, así como por debaixo do límite establecido polo Real decreto lei 8/2010, modificado polo Real decreto lei 20/2011 e que foi dotado de vixencia indefinida pola DF 3 da Lei 17/2012 de 27 de decembro, da Lei de orzamento do Estado do 2013, que fixa a porcentaxe do 75% dos ingresos correntes como límite para concertar novas operacións de crédito.

### **PERÍODO MEDIO DE PAGO**

O período medio de pagamento definido no Real Decreto 635/2014, mide a demora no pagamento da débeda comercial en termos económicos. De acordo cos datos aportados pola Intervención do concello incumpriu co período medio de pago tanto en 2017 como en 2018.

No exercicio 2018 este incumprimento foi debido ao gran incremento de facturas non aplicadas ao orzamento ao non dispor de crédito orzamentario e que ascendeu ao importe de 4.874.541,63 euros.

## **PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO**

Como consecuencia do incumprimentos producidos no exercicio 2017 o concello aprobou, en novembro de 2018, un Plan económico-financeiro para o período 2018-2019, no que se ditaron medidas para a consecución dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e período medio de pago. Sen embargo, de acordo co informe da Intervención municipal de avaliación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda, con motivo da liquidación orzamentaria do exercicio de 2018, non se cumpriu con eses obxectivos nese exercicio.

### **IV.2.2 MODALIDADE E CONTIDO DO CONTROL INTERNO DA ENTIDADE**

Solicitouse ao Concello unha actualización do cuestionario de control interno remitido polo titular do órgano de Intervención con ocasión do Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa do exercicio 2016; remitíuselle ademais un novo cuestionario de control, complementario do anterior, coa finalidade de conseguir un mellor coñecemento da entidade, expoñendo a continuación a información remitida:

- O titular do órgano de intervención considera insuficiente a dotación de persoal asignada.
- A Intervención non ten acceso á documentación sometida a fiscalización previa cun prazo suficiente de cando menos dez días hábiles.
- Non existe ningún manual de procedemento relacionado coas áreas de control interno, regulándose este nas BEO.
- Realízase unha fiscalización previa plena sobre os gastos.
- O procedemento para a tramitación dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito está regulado nas BEO.
- Maníftase pola Intervención que todas as facturas se anotan no rexistro de facturas e que se realizan requirimentos periódicos respecto ás facturas pendentes de recoñecemento da obriga.
- A entidade ten aprobado un Plan de disposición de fondos da tesourería.
- O Concello non ten establecido un plan anual de control financeiro, polo que non se efectuaron actuacións neste sentido.

- Na xestión de ingresos non se levan a cabo actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de mostraxe ou de auditoría. Ademais, tampouco teñen establecidos criterios para a contabilización de ingresos, nin existe un procedemento para a tramitación dos expedientes nos que se detecten anomalías na xestión de ingresos.
- En relación coa comprobación material dos investimentos, as BEO establecen de forma xenérica a delegación da intervención e comprobación material dos investimentos nos técnicos adscritos á oficina técnica. Convén recordar que o artigo 20 do RD 424/2017, vixente na actualidade, establece a obriga do órgano xestor de solicitar ao órgano interventor, ou en quen delegue, a asistencia á comprobación material do investimento cando o importe sexa igual ou superior a 50.000 euros, coa exclusión do imposto sobre o valor engadido; no mesmo sentido, a Disposición adicional terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón que o órgano interventor asistirá á recepción material de todos os contratos, excepto os contratos menores.

#### **Organización. Dotación de persoal da unidade de intervención.**

Segundo o organigrama da entidade, o Departamento de intervención estrutúrase nos seguintes postos: Interventora (FHCN), un administrativo e catro auxiliares administrativos. O titular do órgano de intervención considera insuficiente a dotación de persoal asignada.

Respecto do prazo de que dispón a intervención para analizar a documentación, o interventor manifesta que non ten acceso á documentación sometida a fiscalización previa con prazo suficiente, isto é, cando menos dez días hábiles.

### **CONTROL INTERNO**

#### **Función interventora. Área de gastos**

No relativo ao sistema de control interno implantado pola entidade, a regulación do mesmo realízase exclusivamente a través das BEO sen que exista ningún manual de procedemento relacionado coas áreas de control interno.

En relación coa intervención do gasto sobre a tramitación da proposta de gasto e retención de crédito, segundo o cuestionario de control interno non sempre se realiza.

As BEO establecen que a función interventora se realiza polo sistema de fiscalización previa limitada, limitándose a fiscalización nestes supostos a comprobación dos requisitos básicos regulados no artigo 219.2 do TRLFL. Os gastos enumerados no apartado 1º) do artigo 219 do RDL 2/2004, segundo a base 44 da BEO, non están suxeitos a fiscalización previa. Sen embargo, segundo o cuestionario de control interno, realízase unha fiscalización previa plena sobre os gastos.

Consta regulado na base de execución número 18 o procedemento para a tramitación dos

expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito.

### **Control da conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento"**

O órgano de control interno sinala no cuestionario remitido que realiza control sobre a conta 413, acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento. O saldo final da conta 413 é de 735.117,23 euros no exercicio 2017 e de 4.874.541,63 euros no exercicio 2018. O saldo da conta 413 no o exercicio 2018 representa un 33% sobre as obrigas recoñecidas netas.

A existencia de gasto executado non imputado ao orzamento e que se vén mantendo ao longo do tempo, constitúe un incumprimento da normativa orzamentaria.

- A evolución do saldo da conta 413 a final de exercicio foi:

**Cadro 7: Evolución saldo conta 413**

Liquidación 2015	Liquidación 2016	Liquidación 2017	Liquidación 2018
96.310,27	2.277.858,31	735.117,23	4.874.541,63

### **Ordenación do pago**

A entidade ten aprobado un Plan de disposición de fondos da tesourería. A prelación de pagos axustase a data de rexistro das facturas.

Realízase control sobre a aplicación das cantidades percibidas polos perceptores de pagos a xustificar no prazo máximo de tres meses.

### **Función interventora. Control financeiro**

O Concello non ten establecido un plan de control financeiro, polo que non se efectuaron actuacións neste sentido.

Cómpre sinalar que o Decreto 424/2017, establece a obrigatoriedade de levar a cabo unha adecuada planificación de control financeiro mediante o Plan Anual de Control Financeiro, que deberá elaborar o órgano interventor sobre a base dun análise de riscos e remitilo ao Pleno a efectos informativos. O Plan anual de control financeiro, sobre a base dunha análise de riscos, deberá asegurar, conxuntamente co exercicio da función interventora, ao menos, un control efectivo do oitenta por cen do orzamento xeral consolidado. No transcurso de tres exercicios consecutivos, deberá alcanzar o cen por cen de dito orzamento.

### **Función interventora. Área de ingresos**

A base número 41 das BEO substitúe a fiscalización previa dos ingresos pola toma de razón na contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de mostraxes e auditorías, pero, segundo consta no cuestionario de control interno recibido, na xestión de ingresos non se levan a cabo actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de mostraxe ou de auditoría.

Ademais, tampouco teñen establecidos criterios para a contabilización de ingresos, aínda que si existe un procedemento para a tramitación dos expedientes nos que se detecten anomalías na xestión de ingresos.

### **Outras cuestións relativas ao sistema de control interno**

En relación coa comprobación material dos investimentos, a base 40.5 das BEO establece que a intervención e comprobación material dos investimentos delégase de forma xenérica nos técnicos adscritos a oficina técnica.

Convén recordar que o artigo 20 do RD 424/2017, vixente na actualidade, establece a obriga do órgano xestor de solicitar ao órgano interventor, ou en quen delegue, a asistencia á comprobación material do investimento cando o importe sexa igual ou superior a 50.000 euros, coa exclusión do imposto sobre o valor engadido; no mesmo sentido, a Disposición adicional terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón que o órgano interventor asistirá á recepción material de todos os contratos, excepto os contratos menores.

Finalmente, non constan datos sobre a actividade da unidade interventora: número de informes emitidos, extremos que se comprobaban nos expedientes, diferenciando entre expedientes de contratación, de subvencións, de persoal e outros.

### **IV.2.3 CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SOBRE TRANSPARENCIA**

Realizouse unha análise relativa ao cumprimento da normativa sobre transparencia centrada na observancia dos principios, obrigas e contidos que dispón a LTAIBG. O artigo 1 desta lei establece entre os seus obxectivos os de ampliar e reforzar a transparencia na actividade pública así como regular e garantir o dereito ao acceso á información derivada de dita actividade. Para cumprir ditos obxectivos, a LTAIBG recolle no Título I un conxunto de medidas, nas que diferencia entre a publicidade activa e o dereito de acceso á información pública.

En relación coa publicidade activa procedeuse a comprobar, por unha parte, que o Concello do Porriño ofrece, de oficio, a información que fixa a normativa de transparencia e, por outra, que a información publicada se axusta ás condicións que a normativa esixe.

O artigo 4 LTAIBG establece os principios xerais que deben rexer a publicidade activa e determina que a información suxeita ás obrigas de transparencia debe ser publicada nas correspondentes sedes electrónica ou páxinas web das entidades dunha forma clara, estruturada e entendible polos interesados, preferiblemente en formatos reutilizables. Así mesmo, indica que se deben establecer os mecanismos axeitados para facilitar a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada, así como a súa identificación e localización.





Verificouse que a entidade conta cun portal web municipal: <https://oporrino.org/portal-de-transparencia/>, no que se aloxa o portal de transparencia, o cal só informa das retribucións das dedicacións exclusivas e das indemnizacións por asistencia aos órganos colexiados, contendo tamén un enlace á Plataforma de contratos públicos de Galicia. En realidade o Portal de transparencia atópase na sede electrónica do concello: <https://oporrino.sedelectronica.gal/transparency>, o cal dificulta o seu acceso.

Este portal de transparencia divídese nos seguintes 8 apartados, nos que só o apartado institucional, o económico e o de contratación conteñen información:

1. Institucional
2. Normativa
3. Económica
4. Axudas e subvencións
5. Patrimonio
6. Contratación
7. Urbanismo, obras públicas e ambiente
8. Información e atención ao cidadán

### **1.-Publicidade activa da información institucional, organizativa e de planificación**

O artigo 6 LTAIBG impón a obriga de publicar información referente a aspectos relacionados coa estrutura organizativa das entidades a ela suxeita, plans e programas anuais e plurianuais e obxectivos das mesmas. Verificouse o cumprimento deste extremo, resultando que o apartado de información institucional, organizativa e de planificación recolle os accesos a sete puntos de información:

1. Organigrama e funcións
2. Currículos do alcalde e concelleiros
3. Axenda institucional
4. Plans e programas de obxectivos
5. Funcionamento órganos de goberno
6. Altos cargos
7. Persoal

Cómpre subliñar que dos sete puntos de información 4 están baleiros e só conteñen información o apartado de Organigrama e funcións, que contén os decretos de nomeamento de membros da Xunta de goberno e de Tenente de alcalde, o apartado de Funcionamento dos órganos de goberno, que contén as ordes do día e as actas do Pleno e da Xunta de goberno local e o apartado Persoal, mediante o que se accede a diversa documentación relativa á relación de postos de traballo

aprobada en 2019.

## **2.-Publicidade activa de relevancia xurídica**

O artigo 7 LTAIBG recolle a obriga de publicar determinada información de relevancia xurídica, tal como directrices, instrucións, acordos, circulares, resposta a consultas formuladas polos particulares; os anteproxectos de lei e os proxectos de decretos legislativos; os proxectos de regulamentos, as memorias e informes que conforman os expedientes de elaboración dos textos normativos, e os documentos que deban ser sometidos a un período de información pública.

Verifícase o cumprimento deste extremo, resultando que o Concello do Porriño non cumpre con esta obriga.

## **3.-Publicidade activa da información económica, orzamentaria e estatística**

O artigo 8 LTAIBG recolle a necesidade de publicación de determinada información de xestión administrativa que teña repercusións económicas e orzamentarias. O apartado de economía do portal de transparencia recolle os accesos á información relativa a Orzamentos, tanto do orzamento do exercicio 2018 como á prórroga do mesmo para o exercicio 2019, e a Conta xeral, que contén a documentación relativa á tramitación da Conta xeral de 2017.

Non constan as declaracións anuais de bens e actividades dos representantes locais, unha relación dos convenios subscritos, as subvencións e axudas concedidas, información sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, resolucións de compatibilidades e a información estatística do grao de cumprimento e calidade dos servizos.

A obriga de publicidade en materia de contratación esixe a publicación de todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, importe de licitación e de adxudicación, o procedemento empregado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, se lle dá publicidade, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. No que se refire á publicación da información relativa aos contratos menores, poderá realizarse trimestralmente.

Na carpeta de contratación do Concello aloxada no portal de transparencia constan as actas das mesas de contratación de varios expedientes sen que se identifique a cal corresponden, só teñen un número de referencia sen outra descrición. Figuran así mesmo neste directorio os acordos de adxudicación de contratos ou de declaración da súa desistencia.

Tamén consta a publicidade dos contratos menores, tanto no portal de transparencia do concello como no Portal de transparencia da administración local de Galicia da Xunta de Galicia (<https://www.eidolocal.gal/transparencia>), onde están publicadas as relacións de contratos menores

por trimestres desde o ano 2018.

No relativo á publicidade por medios electrónicos o Concello dispón do seu perfil de contratante aloxado na Plataforma de contratos públicos de Galicia.

#### **4.-Dereito de acceso á información pública**

O Portal de transparencia do Concello do Porriño permite formular as solicitudes de información recollidas no Capítulo III da LTAIBG, a través dun enlace á sede electrónica, cumprindo as previsións legais neste punto.

### **IV.3. ANÁLISE DO SISTEMA DE TRAMITACIÓN DE FACTURAS**

#### **IV.3.1 PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DE FACTURAS**

A lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica introduciu diversas medidas entre as que destaca a utilización obrigatoria da factura electrónica no ámbito do sector público (dende xaneiro do 2015), así como a creación do rexistro contable de facturas, cuxa xestión corresponde á unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade.

O Concello do Porriño está adherido ao Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración do Estado, FACe, que é unha plataforma online que permite presentar facturas electrónicas a través de internet. As distintas fases de tramitación do procedemento de tramitación das facturas en FACe son as seguintes:

- Rexistrada no Rexistro Contable de facturas (RCF): toda factura electrónica recibida no correspondente Punto Xeral de Entrada de Facturas (PXEF) ou en papel é rexistrada e remitida inmediatamente á oficina contable competente para a súa anotación no RCF.
- Aceptada ou Rexeitada: Unha vez anotada, a unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade pon a factura a disposición do órgano competente para tramitar o procedemento de conformidade coa entrega do ben ou prestación do servizo realizada por quen expide a factura. A única posibilidade de rexeite de factura é que a mesma incumpra os requisitos (de natureza técnica) previstos na Lei 25/2013 e regulamento que a desenvolve, que da lugar a un rexeite automático ou non anotación no RCF.
- Contabilizada a obriga recoñecida: O órgano competente, unha vez feitas as verificacións oportunas, procederá a dar a conformidade da factura se a mesma reflicte adecuadamente a xustificación da entrega do ben ou prestación do servizo conforme ao contrato. Unha vez conformada, realizaranse o resto de actuacións necesarias para a aprobación do expediente de recoñecemento da obriga, incluída a remisión á Intervención para a súa fiscalización e a súa posterior contabilización polo órgano competente.

- Pagada: Unha vez conformada e, no seu caso recoñecida a obriga, procederase ao pago das mesmas
- Anulada: Cando haxa unha solicitude, por parte dun proveedor, de anulación dunha factura. Unha vez anotada a solicitude, remitirase ao órgano competente para a súa tramitación, que procederá á súa estimación e anulación, ou ben a rexeitar tal solicitude.

Cada unha destas circunstancias (registro, conformidade ou non, recoñecemento da obriga, pago ou devolución) debe ser anotada no RCF, de xeito que permita aos provedores presentar e coñecer en cada momento o estado de tramitación das súas facturas.

### IV.3.2 COMPROBACIÓNS REALIZADAS SOBRE O PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DE FACTURAS

As probas realizadas reflicten unha inadecuada comunicación entre ambos rexistros, de xeito que existen facturas no PXEF que non figuran no RCF, ao tempo que se constata igualmente a non actualización dos diferentes estados polos que pasa a factura presentada electronicamente, a medida que se executa o procedemento administrativo de recoñecemento da obriga.

#### IV.3.2.1 FACTURAS QUE FIGURAN NO PXEF E NON NO RXC

Solicitouse ao Concello do Porriño a aclaración das seguintes facturas presentadas e que estaban, ben no estado de conformadas pero sen que se continuase co procedemento para o recoñecemento da obriga, ben no estado de rexeitada:

**Cadro 8: Facturas conformadas sen recoñecemento de obriga ou rexeitadas.**

ESTADO	EXERCICIO	Nº	IMPORTE
Conformada	2017	206	686.388,59
	2018	1.572	3.668.318,87
		1.778	4.354.707,46
Rexeitada	2017		
	2018	19	278.911,59
		375	1.119.661,55
		394	1.398.573,14
<b>TOTAL</b>		<b>2.172</b>	<b>5.753.280,60</b>

Tan só 232 das anteriores facturas, que suman un importe de 2.020.931,22 euros figuran contabilizadas na conta 413 Acredores por obrigas pendentes de imputar ao orzamento, sendo descoñecida a situación das 1.848 facturas restantes, porque á data de redacción deste informe non se recibiron as aclaracións solicitadas.

Porén, da análise da comunicación que motiva o inicio desta fiscalización e da documentación achegada coa mesma leva ás seguintes consideracións acerca da paralización do procedemento de recoñecemento da obriga unha vez que se presta a conformidade á factura:



a) Este conxunto de facturas inclúe un total de 115 facturas por importe de 1.571.566,25 euros que, na comunicación que motiva o inicio desta fiscalización, son denunciadas ben por corresponder a tarefas de rozas, limpeza viaria, parques e xardíns que se realiza con diferentes empresas, de xeito verbal e sen ningún tipo de procedemento administrativo, ben por ser rexeitadas e non conformadas polo órgano xestor aducindo como motivo o de "ausencia de contrato". Da documentación aportada na devandita comunicación, conséntase a efectiva entrega do ben ou prestación do servizo que motiva a emisión destas ultimas.

**Cadro 9: Facturas denunciadas correspondentes a servizos contratados de forma verbal.**

ID_TERCEIRO	Nº FACTURAS	IMPORTE
ID_B.2.19_01	1	7.986,00
ID_B.2.19_02	1	767,38
ID_B.2.19_03	1	1.600,00
ID_B.2.19_04	1	700,00
ID_B.2.19_05	1	1.200,00
ID_B.2.19_06	4	4.028,09
ID_B.2.19_07	1	21.175,00
ID_B.2.19_08	3	51.952,56
ID_B.2.19_09	5	130.377,50
ID_B.2.19_10	1	907,50
ID_B.2.19_11	2	41.662,72
ID_B.2.19_12	2	43.402,70
ID_B.2.19_13	14	203.036,55
ID_B.2.19_14	3	179.591,95
ID_B.2.19_15	1	2.601,50
ID_B.2.19_16	7	35.980,88
ID_B.2.19_17	5	83.660,61
ID_B.2.19_18	9	134.055,90
ID_B.2.19_19	1	20.260,24
ID_B.2.19_20	2	3.410,00
ID_B.2.19_21	13	150.183,44
ID_B.2.19_22	4	31.823,00
ID_B.2.19_23	1	2.000,00
ID_B.2.19_24	1	21.780,00
ID_B.2.19_25	2	43.342,20
ID_B.2.19_26	6	81.764,10
ID_B.2.19_27	3	64.977,00
ID_B.2.19_28	1	21.538,00
ID_B.2.19_29	1	5.039,65
ID_B.2.19_30	9	70.870,80
ID_B.2.19_31	1	77.846,64
ID_B.2.19_32	1	7.442,41
ID_B.2.19_33	1	2.550,68

ID_TERCEIRO	Nº FACTURAS	IMPORTE
ID_B.2.19_34	1	1.500,00
ID_B.2.19_35	2	10.164,00
ID_B.2.19_36	1	5.489,63
ID_B.2.19_37	1	147,62
ID_B.2.19_38	1	4.750,00
<b>TOTAL</b>	<b>115</b>	<b>1.571.566,25</b>

Das facturas denunciadas, 80 -por importe de 1.077.499,55 euros- si figuran contabilizadas na conta 413 "Acredores por obrigas pendentes de imputar ao orzamento", o que permite validar a veracidade da denuncia presentada.

b) Este conxunto de facturas inclúe tamén dúas a favor da entidade mercantil SERVIZOXA, S.L., por importes respectivos de 5.566 euros e 4.598 euros, correspondentes aos servizos prestados para elaboración e implantación de plans de autoprotección para o evento "Porrigalia 2017", que foron obxecto de litixio (Procedemento abreviado 147/2019) no Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, contra a inactividade do Concello do Porriño derivada da falta de pagamento das facturas xiradas polos servizos prestados sen contrato. Na sentenza declárase probado que dita Administración municipal como regra xeral está encargando os seus servizos e obras verbalmente, sen contrato, con omisión total e absoluta do procedemento establecido e dos principios básicos da contratación administrativa, sendo condenado ao abono das ditas facturas e ao pago das costas deste proceso.

b) Finalmente, no curso da realización deste traballo, tívose coñecemento de dúas novas sentenzas condenatorias. O Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Pontevedra condena ao Concello do Porriño a abonar 473.592 euros en facturas non pagadas a provedores, e o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra condena ao Concello do Porriño a abonar 468.000 euros á empresa encargada da piscina municipal, empresa á que xa se tivo que indemnizar en 2017, previa modificación de crédito orzamentario, na contía de 206.571,52 euros por facturas pendentes de pago dos anos 2015 e 2016. As sentenzas decláran probado que, en ambos casos, as facturas presentábanse no Rexistro Municipal polas empresas acreedoras e o Concello as rexeitaba por non existir contrato algún, pese a que se tivese prestado o servizo.

De acordo con estas sentenzas: "A práctica irregular de determinados contratistas e provedores, en conivencia coas autoridades públicas, de realizar prestacións para a Administración pola vía de feito, e dicir, sen a formalización previa dun contrato, ten a vantaxe para os mesmos de eludir os requisitos formais da contratación pública e da competencia. Pero presenta como inconveniente a dificultade de demostrar posteriormente, en caso de falta de pago, o encargo supostamente recibido ou a súa efectiva prestación. Estes encargos verbais non son contratos administrativos, pero existe unha xurisprudencia consolidada que recoñece o dereito do contratista a percibir unha indemnización polo enriquecemento inxusto, á súa costa, da Administración Pública, derivada da

prestación do servizo. Xurisprudencia que por outra parte nega o dereito aos xuros de demora do contratista, pola convivencia en tal proceder (Sentenza Tribunal Supremo, Sala 3ª do 2 de xullo do 2004 (casación 2341/2000) e Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Castela-León do 22 de outubro do 2002 (recurso 304/2001).”

#### IV.3.2.2 RESPECTO DAS FACTURAS QUE FIGURAN NA CONTABILIDADE

A fin de verificar a realidade dos saldos contables, seleccionáronse os 59 provedores de maior saldo pendente, que representan o 90,08% do saldo total pendente de pago a 31 de decembro, e solicitóuselles a confirmación de saldos.

Só contestaron 21 provedores, pero das respostas recibidas poden extraerse as seguintes conclusións:

- Existe una desconexión entre o PXEF e o RCF. En moitas ocasións, non concilian os estados da factura (conformada, pagada, rexeitada) coa declaración efectuada polo provedor, de xeito que o rexistro electrónico de facturas perde o seu carácter de rexistro que permita consultar, en calquera momento, o estado de tramitación das facturas.
- Non concilian os saldos que figuran na contabilidade cos saldos declarados como pendentes de cobro por parte dos provedores en 7 casos, pero con uns importes moi significativos. E incluso en catro casos o saldo contable é superior ao que declara o provedor:

**Cadro 10: Circularización de provedores.**

ID_TERCEIRO	O ptes 31/12/2018	Saldo 413	TOTAL	Importe S/PROVEDOR	DIFERENCIAS
ID_B.3.6_01	4.058,72	0,00	4.058,72	3.555,57	503,15
ID_B.3.6_02	5.283,69	0,00	5.283,69	5.283,69	0,00
ID_B.3.6_03	5.329,50	0,00	5.329,50	5.329,50	0,00
ID_B.3.6_04	5.933,60	0,00	5.933,60	5.933,60	0,00
ID_B.3.6_05	6.323,23	0,00	6.323,23	6.323,23	0,00
ID_B.3.6_06	6.249,44	6.776,00	13.025,44	6.776,00	6.249,44
ID_B.3.6_07	3.659,04	3.346,20	7.005,24	7.005,24	0,00
ID_B.3.6_08	7.623,00	0,00	7.623,00	7.623,00	0,00
ID_B.3.6_09	9.419,34	0,00	9.419,34	9.419,34	0,00
ID_B.3.6_10	5.009,28	12.668,68	17.677,96	12.668,68	5.009,28
ID_B.3.6_11	7.139,00	0,00	7.139,00	13.794,00	-6.655,00
ID_B.3.6_12	14.489,00	0,00	14.489,00	14.489,00	0,00
ID_B.3.6_13	14.822,50	0,00	14.822,50	14.822,50	0,00
ID_B.3.6_14	4.900,50	0,00	4.900,50	16.879,50	-11.979,00
ID_B.3.6_15	17.176,26	6.728,56	23.904,82	22.911,93	992,89
ID_B.3.6_16	15.258,51	5.428,82	20.687,33	26.212,80	-5.525,47
ID_B.3.6_17	40.000,00	0,00	40.000,00	40.000,00	0,00

ID_TERCEIRO	O ptes 31/12/2018	Saldo 413	TOTAL	Importe S/PROVEDOR	DIFERENCIAS
ID_B.3.6_18	33.632,28	8.069,49	41.701,77	41.701,77	0,00
ID_B.3.6_19	38.084,75	10.989,22	49.073,97	63.832,34	-14.758,37
ID_B.3.6_20	10.208,89	162.533,25	172.742,14	221.811,15	-49.069,01
ID_B.3.6_21	6.172,95	149.704,09	155.877,04	624.578,51	-468.701,47
ID_B.3.6_22	6.115,20	0,00	6.115,20	6.115,20	0,00
ID_B.3.6_23	18.845,13	211.039,11	229.884,24	425.655,71	-195.771,47

Como consecuencia, esta proba de confirmación de saldos ten un resultado negativo o que leva a concluír que a contabilidade non reflicte con exactitude a débeda comercial do concello.

#### IV.4. ANÁLISE DOS ACORDOS CONTRARIOS A REPAROS, EXPEDIENTES CON OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN E ANOMALÍAS DE INGRESOS

No seguinte cadro preséntanse os acordos contrarios aos reparos adoptados polo Concello do Porriño, así como os expedientes con omisión de fiscalización previa concluídos e as anomalías de ingresos correspondentes aos exercicios 2017 e 2018 que foron comunicados pola Intervención da entidade.

O Concello conta cun consorcio, o Consorcio Augas do Louro, respecto do que consta certificación negativa nos exercicios 2017 e 2018 no relativo aos expedientes con omisión de fiscalización previa e ás anomalías en ingresos, existindo un acordo contrario a reparos no exercicio 2018 por importe de 10.562,49 euros.

**Cadro 11: Resultados da análise dos acordos contrarios a reparos, expedientes con omisión de fiscalización e anomalías de ingresos.**

Entidade	2017		2018	
	Nº	Importe	Nº	Importe
Acordos e Resolucións contrarios a reparos	17	3.648.075,13	46	3.750.301,50
Expedientes con omisión da fiscalización previa	0	0	1	521.109,19
Anomalías en materia de ingresos	0	0	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>17</b>	<b>3.648.075,13</b>	<b>47</b>	<b>4.271.410,69</b>

No exercicio 2017 o Concello do Porriño comunicou a través da Plataforma de rendición de contas das entidades locais a existencia de 15 expedientes de reparos que foron levantados pola Alcaldía. Estes reparos afectaron a facturas por importe de 1.085.892,07 euros, dos que o 97% se refiren a expedientes de contratación, tendo todos como causa a tramitación de gastos prescindindo do procedemento legalmente establecido, ao tratarse de prestacións obxecto de contratación verbal que superan o importe límite dos contratos menores. A este importe habería que sumarlle os levantamentos de reparo aprobados polo Pleno da corporación municipal, que non se comunicaron a través da Plataforma de rendición de contas.





No exercicio 2017 aprobáronse polo Pleno 9 expedientes de crédito extraordinario, que modificaron os orzamentos na cantidade de 3.322.868,80 euros, ao non existir crédito destinado ao financiamento dos gastos realizados ou a realizar. Foron reparados pola Intervención 3 destes expedientes xa que afectaban a facturas por prestacións obxecto dunha contratación irregular xa que houbo unha omisión do procedemento legalmente establecido. A modificacións número 6/2017, por 387.200,26 euros, e a número 9/2017, por 2.174.982,80 euros, foron acompañadas dun recoñecemento extraxudicial de créditos. No caso da modificación con referencia 10/2016, por importe de 206.571,52 euros, non se fixo recoñecemento extraxudicial de créditos ao traer causa dunha sentenza xudicial firme, na que se falla a favor dunha empresa por servizos prestados nos exercicios 2015 e 2016 unha vez finalizado o seu contrato e que cando se facturaron foron obxecto de reparo pola falta de contrato. Estes 3 expedientes acadaron o importe de 2.768.754,58 euros, o que significa o 83% dos créditos extraordinarios aprobados no exercicio.

Polo tanto o importe total reparado que foi obxecto de recoñecemento extraxudicial de créditos ascendeu a 3.648.075,13 euros, o que representa o 23% das obrigas totais recoñecidas no exercicio.

No exercicio 2018 declarouse a través da Plataforma de rendición de contas un total de 47 expedientes de reparo levantados pola Alcaldía, un deles refírese a un expediente con omisión da fiscalización previa. O importe reparado obxecto de recoñecemento extraxudicial de créditos foi de 4.271.410,69 euros, dos que o 84% corresponden a a facturas de provedores tramitadas prescindindo do procedemento legalmente establecido, ao tratarse de prestacións obxecto de contratación verbal que superan o importe límite dos contratos menores. O que representa o 29% das obrigas totais recoñecidas no exercicio 2018.

Non se ten constancia de que no exercicio 2018 se levantasen reparos polo Pleno da corporación municipal.

#### **IV.4.1 ACORDOS E RESOLUCIÓNS CONTRARIOS A REPAROS FORMALIZADOS POLO ÓRGANO INTERVENTOR DE IMPORTE SUPERIOR A 50.000 EUROS**

Fíxose unha revisión dos acordos e resolucións de importe superior a 50.000 euros, do Pleno, da Alcaldía ou de sentenza xudicial, nos que se resolveu continuar coa tramitación dos expedientes de gastos en contra do criterio expresado no reparo do Interventor.

No exercicio 2017 adoptáronse 17 acordos e resolucións contrarios aos reparos formulados pola intervención por un importe global de 3.648.075,13 euros, dos que 6 superan a contía de 50.000 euros.

No exercicio 2018 adoptáronse 47 acordos e resolucións contrarios aos reparos formulados pola

intervención por un importe global de 4.271.410,69 euros, dos que 17 superan a contía de 50.000 euros.

Cómpre sinalar que varios expedientes de gasto aos que se refiren os reparos incorporan varios negocios xurídicos, polo que para os efectos da súa clasificación, tómase en consideración o negocio cuxa contía represente a maior proporción do importe total do expediente comunicado.

No seguinte cadro móstranse os acordos e resolucións contrarios aos reparos formulados pola Intervención nos exercicios 2017 e 2018 que superan a contía de 50.000 euros.

**Cadro 12: Acordos e resolución contrarios a reparos.**

<b>ACORDOS E RESOLUCIÓN CONTRARIOS A REPAROS.</b>				
<b>Tipo de expediente</b>	<b>Número</b>	<b>Importe</b>	<b>%</b>	<b>Incumprimentos</b>
<i>EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN 2017-2018</i>				
Contrato de obras 2018	4	386.198,66	5,30%	2.1.e. Incumplimento prazos na tramitación
Contrato de servizos 2017 Alcaldía	3	819.253,96	11,24%	2.1.a Ausencia de procedemento de contratación
				2.2.a Prestación fóra do período de vixencia do contrato
Contrato de servizos 2017 Pleno	2	2.562.183,06	35,14%	2.1.a Ausencia de procedemento de contratación
				2.2.a Prestación fóra do período de vixencia do contrato
Contrato de servizos 2018	9	2.659.069,88	36,47%	2.1.a Ausencia de procedemento de contratación
				2.1.f. Supéranse os límites do contrato menor
Contrato de xestión de servizo público 2017	1	102.238,47	1,40%	2.1.a Ausencia de procedemento de contratación
Contrato de subministracións 2018	2	150.687,23	2,07%	2.1.a Ausencia de procedemento de contratación
<i>EXPEDIENTES DE SUBVENCIONS E AXUDAS PUBLICAS 2017-2018</i>				
Subvencións de concesión directa 2018	1	90.000,00	1,23%	3.3.b Falta de xustificación das subvencións concedidas
<i>EXPEDIENTES DE PERSOAL 2017-2018</i>				
Gratificacións 2018	1	521.109,19	7,15%	1.5.a. Abono de cantidades por encima dos límites legais
<b>TOTAL</b>	<b>23</b>	<b>7.290.740,45</b>	<b>100%</b>	

O obxecto de 22 acordos ou resolucións foi o recoñecemento de obrigas sendo o obxecto do restante acordo a autorización do gasto.

Os informes de reparo formulados polo órgano interventor teñen por obxecto as seguintes materias:

- Contratación administrativa en 21 expedientes.
- Gastos de persoal en 1 expediente.
- Subvencións e axudas públicas en 1 expediente.



Os principais incumprimentos, analizados por tipo de expediente, son os seguintes:

a) Contratos de obras: En 3 dos 4 expedientes reparados, que están financiados con ingresos procedentes do alleamento de bens, non consta o informe sobre si estes gastos se corresponden coas finalidades previstas na Lei do Solo. No outro caso, as obras iniciáronse antes de que o contrato fose adxudicado e formalizado e sen acta de comprobación de replanteo.

b) Contratos de servizos, xestión de servizos públicos e subministracións: a maior parte dos reparos dos dous exercicios fiscalizados concéntranse nestes contratos, tanto en número como en importe.

Os informes de reparo emitidos no exercicio 2017 están motivados principalmente na existencia de prestacións, como a limpeza viaria ou a recollida de lixo, nos que se continua a prestación de servizos unha vez vencido o contrato anterior ou non se tivese tramitado ningún procedemento de contratación e non puidesen ser tratados como contratos menores.

No exercicio 2018 a Intervención motiva o reparo de 5 expedientes de aprobación de facturas, por importe de 2.240125,29 euros, en que os servizos relacionados se prestan sen que exista vínculo contractual, constituíndo un suposto de contratación irregular e de nulidade de pleno dereito.

Noutros dous expedientes o motivo é a falta dos informes de necesidade, idoneidade do proxecto ou insuficiencia de medios, requiridos pola LCSP xa aplicable segundo a Intervención. En dúas relacións de facturas o reparo céntrase na falta de motivación da súa tramitación como contratos menores de acordo coa LCSP.

c) Subvencións: Non se xustifican convenientemente os gastos incorridos.

d) No expediente de persoal reparado, correspondente gratificacións incluídas na nómina do mes de decembro, o motivo foi a ausencia de fiscalización previa no aboamento de gratificacións por servizos extraordinarios a diverso persoal municipal e a non verificación de que estas gratificacións cumpran os límites legais establecidos.

En ningún expediente consta formulación expresa de discrepancia polo órgano xestor do gasto reparado. No relativo a motivación da resolución ou acordo contrario, maioritariamente faise constar que o concello carece de capacidade técnica necesaria e dos recursos materiais e humanos para poder licitar todos os servizos necesarios, sendo os gastos en cuestión básicos e de prestación obrigatoria.

A resolución ou acordo contrario ao reparo adóptase en 21 dos expedientes polo Presidente da entidade local.

A análise dos acordos contrarios a reparos comunicados polo órgano de Intervención pon de manifesto a omisión de trámites ou requisitos esenciais na contratación do concello, aspecto xa

posto de manifesto no epígrafe anterior deste informe. A practica de contratar directa e verbalmente sen procedemento algún, sen crédito e sen fiscalización, coa idea de que logo se remunerare a prestación, xa sexa mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito, ou mediante un recoñecemento xudicial derivado de sentenza poderán dar lugar ás seguintes responsabilidades:

- Responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, derivadas das súas actuacións en materia de contratación administrativa, tanto polo dano causado a particulares como á propia Administración (Título Preliminar, Capítulo IV da vixente LRXSP).
- Responsabilidade administrativa pola comisión de Infraccións graves ou moi graves atendendo aos supostos tipificados nos artigos 27 e 28 da LTAIBG: aprobar compromisos de gastos, recoñecemento de obrigas e ordenación de pagos sen crédito suficiente para realizalos ou con infracción do disposto na normativa orzamentaria que sexa aplicable, así como a omisión do trámite de intervención previa dos gastos, obrigas ou pago.

#### **IV.4.2 EXPEDIENTES CON OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN PREVIA**

O órgano de Intervención do Concello do Porriño comunicou 1 expediente con omisión de fiscalización previa no exercicio 2018, cuxo importe non supera os 50.000 euros.

## TRÁMITE DE ALEGACIONES

Con data do 15 de xaneiro de 2020 foi aprobado pola Sección de Fiscalización do Consello de Contas de Galicia o anteproxecto de informe de fiscalización selectiva do Concello do Porriño. Exercicios 2017/2018. Sendo remitido ao concello e recibido o día 21 de xaneiro, aos efectos de que, ao abeiro do artigo 47.1 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia, formularan as alegacións e aportaran a documentación que estimasen pertinente no prazo de 15 días hábiles.

Rematado ese prazo, non se recibiu no rexistro xeral do Consello de Contas de Galicia ningunha alegación.

Consello de Contas  
de Galicia



**María Luisa Cardesín Díaz, secretaria xeral do Consello de Contas de Galicia,**

**Certifica:**

Que o Pleno do Consello de Contas na súa sesión do día 6 de marzo de 2020 aprobou o Informe de Fiscalización selectiva do Concello do Porriño, exercicios 2017-2018.

E para que conste expido a presente certificación co visto e prace do conselleiro maior en Santiago de Compostela.

V e pr

O conselleiro maior

José A. Redondo López

---

CSV : GEN-564e-4e80-1a96-4010-9459-f8f2-c433-ec3e

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 10/07/2020 11:05 | Sin acción específica



---

CSV : GEN-fc17-cea1-8730-7a67-dbbf-ed1d-8e09-52ed

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SELLO ELECTRONICO DE LA SECRETARIA GENERAL DE ADMINISTRACION DIGITAL | FECHA : 10/07/2020 11:15

FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 10/07/2020 20:54 | Sin acción específica

